

CURSO 2020-2021

PROGRAMACIÓN DE 3º ESO

1. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS (*ENGLISH IN USE 3*, editorial Burlington Books)

1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1: Home and Away

- ☒ Aprender vocabulario relacionado con lugares da cidade e con elementos urbanos.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web na que dous estudantes de intercambio narran as súas experiencias no estranxeiro e un texto sobre a Ponte da Baía de Sídney.
- ☒ Contrastar o uso do *Present Simple* e do *Present Continuous*.
- ☒ Utilizar correctamente os cuantificadores e os determinantes.
- ☒ escoitar e comprender varias conversacións telefónicas e unha conversación onde se dan indicacións para chegar a un lugar.
- ☒ Falar sobre lugares da cidade.
- ☒ Preguntar por lugares da cidade.
- ☒ Dar indicacións para chegar a un lugar.
- ☒ Escribir a descrición dun lugar, prestando atención ao uso de palabras e expresións para incluír exemplos.
- ☒ Identificar e producir sons de especial dificultade, como en “turn”, “corner” e “theatre” e pronunciar correctamente os *cognates*.

UNIDADE 2: What a Journey!

- ☒ Aprender vocabulario relacionado coas viaxes e cos sentimentos.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma a entrada dun blog e a biografía do explorador inglés Sir Walter Raleigh.
- ☒ Utilizar correctamente o *Past Simple*.
- ☒ Contrastar o uso do *Past Simple* e do *Past Continuous*.
- ☒ escoitar e comprender unha conversación sobre a información publicada nun artigo dun xornal e outra sobre unha viaxe.
- ☒ Falar de exploradores e das súas expedicións.
- ☒ Describir feitos pasados.
- ☒ Informar sobre unha viaxe.
- ☒ Escribir un texto sobre algo estraño que lles pasou, prestando atención ao uso das comiñas á hora de citar as palabras exactas que dixo unha persoa.
- ☒ Identificar a sílaba na que recae o acento nas palabras e entoar correctamente.

UNIDADE 3: Achievements

- ☒ Aprender vocabulario relacionado cos logros dunha persoa e coas actividades.

- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web dun club de fans dun grupo musical e un texto sobre a orixe dos Scouts.
- ☒ Utilizar correctamente o *Present Perfect Simple*.
- ☒ Contrastar o uso do *Present Perfect Simple* e do *Past Simple*.
- ☒ escoitar e comprender unha presentación dun traballo na clase e unha entrevista de traballo.
- ☒ Falar sobre personaxes famosos, experiencias no pasado e os seus intereses.
- ☒ Escribir un artigo sobre un acontecemento, prestando atención ao uso de adxectivos e adverbios de modo e ao grao superlativo en adxectivos e adverbios.
- ☒ Pronunciar correctamente a terminación **-ed** dos verbos regulares en pasado: /d/, /t/ e /id/ e as palabras que conteñen letras mudas.

2ª AVALIACIÓN

UNIDADE 4: A Plate of Food

- ☒ Aprender vocabulario relacionado coa comida e coa carta dun restaurante.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre os hábitos alimentarios dos británicos e dos franceses e un texto con consellos para levar unha vida sa.
- ☒ Utilizar correctamente os adxectivos en grao comparativo e superlativo, así como as expresións **less than ...**, **the least ...**, **(not) as ... as**, **too ...** e **(not) ... enough**.
- ☒ escoitar de maneira comprensiva unha conversación sobre a cea que se serviu nunha festa e outra sobre a carta dun restaurante.
- ☒ Comparar comidas.
- ☒ Presentar unha queixa nun restaurante.
- ☒ Expresar gustos e preferencias.
- ☒ Escribir unha crítica dun restaurante, prestando atención á orde dos adxectivos na oración.
- ☒ Identificar e producir o son /f/ en palabras como **“enough”** e recoñecer as palabras que van acentuadas nas oracións.

UNIDADE 5: Holiday Time

- ☒ Aprender vocabulario relacionado coas viaxes e cos seus preparativos.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre as festas peculiares que se celebran noutros países e un texto sobre os labores de conservación no monte Kenya.
- ☒ Utilizar correctamente os tempos de futuro e o primeiro condicional.
- ☒ escoitar e comprender unha conversación telefónica sobre os preparativos para unha viaxe e outra conversación sobre os plans para as vacacións.
- ☒ Falar sobre que levar de equipaxe a unha viaxe.
- ☒ Expresar plans futuros.
- ☒ Falar sobre plans para viaxar.
- ☒ Escribir un correo electrónico a un amigo que o vai visitar, para contarlle os seus plans, prestando atención ao uso de puntuación informal.
- ☒ Pronunciar correctamente a terminación en consoante das palabras e producir o ritmo e a entoación correcta.

UNIDADE 6: Being an Friend

- ☒ Aprender vocabulario asociado coas relacións persoais e coa personalidade.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre o mito grego de Damón e Pitias e outro sobre a amizade que xurdiu entre dous atletas rivais durante os Xogos Olímpicos de Berlín de 1936.
- ☒ Utilizar correctamente os verbos modais.
- ☒ escoitar e comprender unha conversación entre dous amigos, sobre os seus problemas, e un programa de radio.
- ☒ Pedir e dar consellos.
- ☒ Comparar habilidades.
- ☒ Escribir unha carta para pedir e dar consello sobre un problema, incluíndo feitos e opinións.
- ☒ Identificar e reproducir o son /h/, como en “**hurt**”. Pronunciar correctamente as palabras que conteñan a letra “h” muda, como en “**hour**” e as formas contraídas **can't**, **shouldn't**, **mustn't** e **couldn't**.
- ☒ Recoñecer as palabras que van acentuadas nas oracións.

3ª AVALIACIÓN

Unidade 7: Fighting Crime

- ☒ Aprender vocabulario relacionado coa delincuencia e con noticias de sucesos.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre o uso das redes sociais por parte da policía, para identificar persoas que participaron nuns disturbios, e un texto sobre as consecuencias legais de descargar material de Internet de forma ilegal.
- ☒ Utilizar correctamente a voz pasiva en presente e en pasado.
- ☒ escoitar e comprender unha conversación sobre os problemas que ten un mozo coa xustiza e unha entrevista dun policía a unha testemuña dun roubo.
- ☒ Falar sobre sucesos.
- ☒ Explicar o significado de palabras.
- ☒ Denunciar un delito.
- ☒ Escribir un artigo sobre un suceso, prestando atención ao uso das conxuncións finais.
- ☒ Identificar e producir sons de especial dificultade, como en “drank” e en “drunk”.
- ☒ Practicar a entoación das frases interrogativas.

UNIDADE 8: Animal Planet

- ☒ Aprender vocabulario relacionado co mundo dos animais e coas partes do corpo dun animal.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre a tecnoloxía inspirada na natureza, que se emprega á hora de fabricar produtos innovadores, e un texto sobre o achado de ADN nos ovos fosilizados dunha ave elefante.
- ☒ Aprender a formación das *Subject / Object Questions*.
- ☒ Utilizar correctamente os adverbios de modo e a súa forma comparativa.
- ☒ escoitar de maneira comprensiva unha conversación entre dous amigos sobre o peixe globo, e un profesor impartindo clase de bioloxía.
- ☒ Pedir e dar información.
- ☒ Comparar accións.

- ☒ Describir e comparar animais.
- ☒ Escribir unha redacción sobre un animal, prestando atención ao uso das conxuncións e locucións adversativas.
- ☒ Identificar e producir sons de especial dificultade: /i:/, /i/ e /ei/ en “chimpazee”, “funny” e “weigh”. Pronunciar correctamente as palabras enlazadas.

UNIDADE 9: Innovations

- ☒ Aprender vocabulario relacionado cos inventos e aparellos eléctricos.
- ☒ Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre un famoso inventor xaponés, e un texto sobre dous inventos para axudar a mellorar a calidade de vida das persoas máis desfavorecidas.
- ☒ Repasar a gramática que se estudou nas unidades anteriores.
- ☒ escoitar de maneira comprensiva un programa de radio e un concurso sobre inventos.
- ☒ Intercambiar ideas.
- ☒ Facer preguntas e contestalas.
- ☒ Intercambiar información sobre inventos.
- ☒ Escribir unha redacción sobre un invento, prestando atención ao uso das conxuncións copulativas.
- ☒ Identificar e producir sons de especial dificultade, como en “nationality”. Entoar correctamente.

2. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Respectando a liberdade de cátedra no que fai ao método para tratar de conseguir os obxectivos do curso, consideramos que é necesario establecer unhas directrices de metodoloxía. Por outra banda, analizando as necesidades dos alumnos, os medios de que dispoñemos e a boa vontade de todos, debe ser norma de prudencia para o profesor “adaptar” en vez de “adoptar”.

Propoñemos seguir un método ecléctico que se poida ir adaptando ás necesidades creadas pola heteroxeneidade dos diferentes grupos e alumnos, con diferentes niveis de competencia lingüística e capacidades, desenvolvendo diferentes tarefas e actividades de reforzo e apoio para atender á diversidade.

As catro destrezas (*speaking, listening, reading e writing*) serán traballadas de forma sistemática en todas as unidades do libro utilizado neste curso. Dentro da comprensión e expresión orais promoverase o uso do inglés dentro da aula, tanto por parte dos alumnos coma dos profesores, procurando que se familiaricen co ritmo, a entoación, o acento e os sons diferentes con respecto á súa lingua materna. No que fai á comprensión lectora e expresión escrita utilizaranse textos e modelos de redacción sinxelos, amenos e motivadores, sempre adecuados ao nivel e intereses persoais do alumno. Traballarase os elementos que abrangue a competencia comunicativa

(fonoloxía, morfosintaxe, léxico, aspectos sociolingüísticos e experiencias lingüísticas noutras linguas), sendo un obxectivo primordial que o alumno trate de adquirilos de forma activa e integrada coas destrezas propias de toda lingua xa mencionadas.

É totalmente necesario que o alumno saiba en todo momento que é o que vai facer, como e cando o vai facer. Con este fin disporá dun libro de texto (*Student's Book*) e dun caderno persoal para realizar os exercicios ou anotar apuntamentos. Tamén contará co caderno de traballo (*Workbook*) para reforzar as actividades do libro de texto. O profesor usará todo o material didáctico á súa disposición para reforzar o libro cando sexa necesario. É importante destacar que unha actitude de traballo continuado, responsable, ordenado, limpo e estruturado será tido en conta á hora da avaliación do alumno.

Tendo todo isto en conta, practicaremos o **Enfoque Comunicativo** (Krashen & Terrell, 1983), cuxas características máis salientables son as seguintes:

- Existe unha relación entre a aprendizaxe dunha primeira lingua e a forma na que se aprenderá a segunda. Por iso mesmo, contidos lingüísticos tales como a gramática, a sintaxe, a morfoloxía... non serán directamente explicados, senón que se fará dunha forma inducida. A través de cancións e as súas letras ou actividades mediante o proxector de forma que sempre se faga dunha forma sutil e indirecta.
- A lingua empregarase como media para alcanzar outros obxectivos que non estarán relacionados coa lingua en sí mesma. Por exemplo, aprender as partes máis importantes de Londres, como escribir unha descrición, etc. É importante que o nivel da lingua que empreguemos na aula se atope un nivel por riba do que os alumnos teñan (interlingua + 1, de Krashen). Desta forma, o alumnado poderá aprender desta diferenza de nivel e engadir novas expresións e formas de comunicarse ao seu input.
- O profesor actuará como mediador, como un guía que sirva para que os/as alumnos/as se transformen na entidade máis importante na aula. Deste xeito, a competencia comunicativa será fomentada, sempre e cando o alumnado permaneza participativo/a, activo/a e empregue a lingua inglesa. Isto conseguirase ao proporcionar diferentes actividades que permitan que os/as estudantes poidan aprender os contidos pertinentes.
- Como xa indicamos previamente, practicaranse todas as habilidades (*listening, speaking, reading e writing*) como xa indica o Marco Común Europeo das Linguas. A pesar de que deberíamos incorporar unha serie de actividades enfocadas non só ao traballo individual, senón tamén ao traballo en parellas e por equipos, evitaremos o contacto próximo entre o alumnado (como así dictamina o protocolo) por mor da pandemia que nos afecta nestes instantes.

Poderánse realizar traballos por parellas/equipos de forma telemática en caso de confinamento.

É importante tamén saber cal é o nivel das nosas alumnas de forma que poidamos deseñar actividades mellor orientadas para eles. Por iso é crucial nomear o coñecido como **Avaliación inicial**, momento crítico do curso no que saberemos como actuar e cal será o nivel do noso alumnado. Se o alumnado comete algún erro, debemos mostrar a importancia dos mesmos na aula: non como algo negativo a castigar, senón como algo do que poder aprender.

Dende o principio de curso o alumno será informado dos criterios e instrumentos de avaliación que se empregarán durante ese ano académico. Así saberá en todo momento a que aterse e como mellorar e/ou modificar calquera aspecto do seu proceso de aprendizaxe.

Aínda así, a raíz dos últimos acontecementos e considerando a distancia de seguridade necesaria para cumprir co protocolo e coas medidas necesarias para que a saúde sexa o primordial, atopámonos cunha serie de medidas que debemos plasmar nesta programación. En concreto, falamos de tres escenarios posibles nos que nos podemos atopar de cara a este vindeiro curso (e os seguintes mentres o protocolo de actuación fronte ao covid-19 se atope en vigor): clases **presenciais**, a **distancia** ou **online** e **semipresenciais**. A continuación amosamos unha breve descrición de cada unha destas modalidades educativas:

- **Presenciais:** a modalidade presencial contará con grandes diferenzas en comparación con outros cursos anteriores. Debemos ter en conta o que xa explicamos con anterioridade: o protocolo emitido pola Xunta de Galicia o **14 de Xullo de 2020**. Estas medidas son, ante todo, o uso de mascarilla en todo momento no que se está no centro (o que inclúe, polo tanto, as sesións de inglés) así como garantir a distancia de seguridade entre todos os alumnos e alumnas así como entre o persoal do centro educativo. Polo tanto, as actividades estarán adicadas a un traballo máis individual se o comparamos con anos anteriores, nos que buscábamos a interacción real entre os estudantes. Practicaranse actividades sobre todas as destrezas lingüísticas (*listening, speaking, reading, writing*) así como unha práctica a elementos lingüísticos máis concretos (morfoloxía, sintaxe, fonética...).
- **A distancia ou online:** este é o tipo de educación que tivo lugar durante o confinamento, cando os centros escolares pecharon por mor da covid-19. A educación a distancia tería lugar no máis negativo dos escenarios e sería contactar co alumnado a través de internet (mediante os programas estipulados pola Xunta de Galicia, é dicir, Cisco Webex e as respectivas aulas

virtuais empregadas) para poder explicar os contidos pertinentes para alcanzar deste xeito os obxectivos dictaminados. Intentaríase respectar o horario escolar en todo momento para garantir con este dereito básico á educación e de forma que o ensino fose o máis parecido posible ao que tería lugar na aula de forma presencial. Para isto, entregaríanse tarefas aos alumnos para que poidan alcanzar o nivel da lingua inglesa desexado e de forma que poidan producir mensaxes e textos seguindo esas tarefas de forma cada vez máis autónoma. O maior problema suporá a interacción oral entre os alumnos, xa que a educación online suporá unha dificultade extra para que se poidan levar a cabo, pero a través de actividades máis lúdicas e mediante conferencias, poderán levarse a cabo. Todo isto, realizarase sempre co docente seguindo os pasos de todo o alumnado para que os poida acompañar e aconsellar sempre para a súa mellora.

- **Semipresenciais:** cando se active esta modalidade, consideraremos dar clase mediante unha combinación de ambas as dúas modalidades previamente explicadas. Para isto, estipularase unha división das aulas de forma que exista un reparto equitativo entre cada metade das aulas. Deste xeito, cada metade de cada grupo recibirá unha semana a modalidade presencial e outra semana a modalidade a distancia, todo isto de forma alterna para garantir unha forma máis xusta entre as distintas metades de cada grupo. Os materiais empregados serán os mesmos, e haberá a posibilidade de seguir a clase en vivo mediante videoconferencia, para que non existan grandes diferenzas entre cada metade de grupo.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os **critérios de avaliación** concretos serán os seguintes:

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais (*Listening*), emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala amodo e con claridade.

A través deste criterio apreciarase a capacidade do alumnado para comprender o esencial de diálogos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, aínda que non se comprenda a súa totalidade. Trátase de avaliar esencialmente se se identifica o significado de instrucións, comentarios, preguntas e respostas, diálogos curtos, descricións e narracións curtas.

2. Comunicarse oralmente (*Speaking*) participando en conversas e simulacións sobre temas coñecidos ou traballados con anterioridade, empregando as estratexias

axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e acaído á intención da comunicación.

Este criterio avalía a capacidade de se comunicar oralmente participando en conversas, reais ou simuladas, arredor de temas coñecidos. Estas consistirán esencialmente en formular e responder preguntas, intercambiar ideas e información, falar sobre experiencias, novas, hábitos, historias..., empregando os recursos lingüísticos e as estratexias que aseguren a comunicación. As producións poderán ter algunhas incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non empecen a comunicación.

3. Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos (*Reading*) axeitados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas disciplinas do currículo.

A través deste criterio apreciarase a capacidade para comprender textos diversos: instrucións, correspondencia, descricións, narracións, biografías, mensaxes, cuestionarios, artigos de revistas..., aplicando estratexias básicas de lectura como a inferencia de significados polo contexto ou por elementos visuais, ou a comparación coas linguas que coñece.

Con este criterio tamén se avalía a capacidade de ler textos, en soporte papel ou dixital, de certa extensión, para aprender ou para gozar da lectura, recorrendo ao dicionario cando sexa mester.

4. Redactar textos en diferentes soportes (*Writing*) empregando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, construción de parágrafos sinxelos, a partir de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.

Este criterio avalía a capacidade para redactar notas, descricións, narracións, biografías, correspondencia postal ou electrónica, mensaxes... Os textos conterán as palabras de uso habitual, oracións simples e conectores básicos. Valorarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada, en soporte papel ou dixital.

5. Empregar o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como ferramenta de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias e para comprender mellor as alleas.

A través deste criterio apreciarase a capacidade do alumnado para aplicar os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico, ao empregar os aspectos sonoros, de ritmo, entoación e organización da lingua en actividades diversas, e para reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posible a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.

6. Identificar, empregar e pór exemplos dalgunhas estratexias empregadas para progresar na aprendizaxe. Avaliaremos o emprego de estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe.

Este criterio pretende avaliar se se empregan as estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe como: a capacidade de ir valorando os progresos, a reflexión sobre como aprende un mesmo máis e mellor, a incorporación e aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe; o emprego de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso axeitado do dicionario para identificar a acepción axeitada ao contexto; o emprego de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais para recadar información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, etc.

7. Empregar de maneira guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para procurar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, amosando interese polo seu emprego.

Trátase de valorar con este criterio a capacidade de empregar as tecnoloxías de información e a comunicación como ferramenta de comunicación e aprendizaxe, en actividades habituais da aula e para establecer relacións persoais. As comunicacións que se establezan versarán arredor de temas traballados con anterioridade e realizaranse a partir de modelos. Tamén se terá en conta a actitude cara á lingua estranxeira, os intentos por utilizala e se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor.

8. Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecerlos.

Este criterio pretende comprobar que se coñecen algúns trazos relevantes do contexto sociocultural e xeográfico dos países onde se fala a lingua estranxeira e se amosa interese e aprecio por hábitos culturais distintos aos propios e actitudes de respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos.

Baseándonos nestes criterios de avaliación, describimos a continuación o sistema de avaliación que seguiremos durante o curso:

No mes de outubro terá lugar a **avaliación inicial** no Centro. Desde o comezo do curso en setembro faremos un seguimento dos alumnos mediante probas obxectivas e especialmente coa observación na aula. A avaliación da aprendizaxe partirá sempre desa avaliación inicial, para así ter unha idea clara da situación dos alumnos e poder facer as modificacións oportunas na programación. Despois da sesión de avaliación inicial comentaremos as conclusións e as medidas que imos tomar na correspondente reunión de departamento.

A avaliación será **continua**, polo que a cualificación que se transmita no boletín reflectirá a situación académica global do alumno nese momento determinado. Os contidos e procedementos que o alumno debe adquirir na lingua estranxeira serán avaliados, directa ou indirectamente, en todas as avaliacións e van incrementando a súa dificultade ao longo do curso. Por esta razón, **a cualificación negativa nunha avaliación recuperarase aprobando a seguinte. De aí que teña máis peso a terceira avaliación, onde o alumno demostrará o nivel global alcanzado durante o presente curso.** O alumno sempre será cualificado coa nota de 1 a 10 puntos na avaliación.

Os **instrumentos de avaliación e cualificación** son os seguintes:

1. Probos obxectivos: Comprobarase por medio de exames ou controis o grao de manexo de:

- Habilidades de comunicación lingüística: *reading*(comprensión lectora), *writing*(producción escrita), *listening*(comprensión oral) e *speaking* (expresión oral).
- Habilidades de manexo na lingua estranxeira: *gramática*, *vocabulario*, *pronunciación*, *linguaxe funcional*.
- Lectura voluntaria. Os alumnos poderán facer uso do servizo de préstamos da biblioteca do centro e acreditarán a lectura dun libro en inglés escollido libremente por eles mediante a realización dunha proba, que poderá ser oral ou escrita. Dita proba suporá de 0,5 a 1 punto da nota final.

O número de probas obxectivas por avaliación será determinado polo profesor, procurando que sempre sexan polo menos dúas.

2. Teranse moi en conta na cualificación final de cada avaliación os seguintes puntos:

- **Traballo diario:** Tarefas que o alumno terá que completar na casa, o traballo na clase, a participación individual na aula, o traballo colaborativo en parellas e en grupos, o uso da lingua estranxeira na aula, a utilización diaria que se faga do material necesario (libro do alumno, caderno de traballo, libreta...).
- **Participación:** o interese do alumno/a por aprender, así como o seu esforzo persoal no seu traballo e no uso do inglés durante as clases, a participación activa nas actividades dentro e fóra da aula, etc.

O peso porcentual de cada unha destas partes na cualificación global da avaliación correspondente será o seguinte:

- Probos obxectivos: 90%
 - *Listening*: 15%
 - *Reading*: 15%
 - *Speaking*: 20%

- *Writing*: 20%
- *Grammar & Vocabulary*: 20%
- Tráballo diario e participación: 10%

En **setembro** realizarase unha proba extraordinaria obxectiva para aqueles alumnos que tiveron unha cualificación negativa en xuño. Serán examinados exclusivamente sobre os contidos gramaticais, vocabulario, capacidade de comprensión lectora e auditiva e capacidade de escritura.

Polo que respecta á **promoción do alumnado**, aplicaranse os criterios de promoción recollidos na LOMCE. Hai que destacar que a avaliación debe ser integradora, debendo terse en conta dende todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación da materia de Lingua Estranxeira seguindo os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábles específicos desta.

4. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O sistema para aprobar **inglés pendente** do curso anterior será o seguinte:

1. Os alumnos terán que facer en cada avaliación do curso actual un **traballo de recuperación** que lles facilitará o profesor. Entregarán ese traballo ao profesor nunha data previamente acordada. O profesor correxirá o traballo e informará ao alumno da nota acadada.
2. Os alumnos terán que facer un **exame global** da materia pendente no mes de maio, nunha data fixada por xefatura de estudos. Este exame recollerá os contidos mínimos esixibles da materia pendente. Antes de facer ese exame os alumnos serán claramente informados deses contidos.

Á hora de cualificar a materia pendente, o traballo entregado nos tres trimestres terá un valor porcentual de 30% e o exame de maio valerá o 70% da nota final. Se o alumno non entrega o traballo durante o curso nas datas acordadas, o exame final de maio valerá o 100% da nota final.

Se durante o curso os alumnos non superan a materia pendente, serán examinados dos contidos mínimos esixibles desa materia pendente no exame de inglés correspondente á convocatoria de setembro do curso actual.

5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Todos os contidos mínimos recollidos en 1º e 2º ESO tamén serán aplicables neste curso, xa que unha Lingua Estranxeira se avalía de forma continua curso a curso.

Ao rematar 3º ESO o alumno deberá ter acadado os contidos mínimos que indicamos a continuación:

COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS (LISTENING):

- Comprender de forma oral información xeral de presentacións, gravacións ou vídeos, adecuados ao seu nivel sobre temas tratados durante o curso.
- Usar distintas estratexias de comprensión oral traballadas durante o curso.

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS (SPEAKING):

- Expresarse en inglés en situacións de comunicación estudadas durante o curso.
- Pronunciar de forma correcta patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación traballados durante o curso.
- Interactuar de forma oral en inglés cos compañeiros/as e o profesor/a no seu entorno escolar.

COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (READING):

- Ler de forma comprensiva e autónoma diferentes tipos de textos adecuados ao seu nivel.
- Comprender a información xeral de diferentes textos escritos adecuados ao seu nivel.
- Usar distintas estratexias de comprensión lectora traballadas durante o curso.

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (WRITING):

- Escribir oracións simples e compostas.
- Entender o uso de parágrafos.
- Manexarse con corrección en ortografía, puntuación e construción de parágrafos.
- Usar conectores de discurso correctamente
- Escribir redaccións seguindo un modelo dado.

GRAMÁTICA TRABALLADA DURANTE O CURSO:

- Pronomes persoais, pronomes obxecto, pronomes posesivos e adxectivos posesivos. O posesivo con 's.
- Cuantificadores e determinantes. (*a, an, the, some, any, many, a lot of, lots of, How much/many*). Nomes contables e incontables.

- Preposicións.
- Verbos e tempos verbais: *To be, have got*, presente simple/continuo; pasado simple/continuo; presente perfecto. Futuro: *Will, be going to* e presente continuo como futuro. Expresións temporais características que os acompañan.
- Verbos modais: *can, can't, could, couldn't, must, mustn't, have to, should / shouldn't*.
- A voz pasiva en presente e pasado.
- Adverbios de modo.
- Oracións condicionais de primeiro tipo.
- Partículas interrogativas (*Question Words*).
- As preguntas obxecto e suxeito.
- Adxectivos en grao comparativo e superlativo. Estructuras de comparación (*too, enough...*).

LÉXICO ESPECÍFICO ESTUDADO DURANTE O CURSO:

- Os lugares dunha cidade e os elementos urbanos.
- As viaxes e os seus preparativos.
- Os sentimentos.
- Os logros persoais.
- As actividades persoais.
- Os adxectivos descritivos.
- A comida.
- As relacións persoais. Adxectivos de personalidade.
- O mundo do crime. As noticias de sucesos.
- O mundo animal. As partes do corpo dos animais.
- Os inventos e aparellos eléctricos.

CONTIDOS ACTITUDINAIS:

- Demostrar unha actitude de respecto con todos os membros da comunidade escolar.
- Manter unha actitude positiva, construtiva e solidaria diante da información que se presenta e as interaccións na aula.
- Ser participativo e adoptar unha actitude positiva de cara á materia, mantendo o interese pola súa propia aprendizaxe.
- Participar activamente nas actividades que se fagan tanto dentro da aula como fóra dela, intentando en todo momento expresarse en inglés.
- Mostrar interese por coñecer costumes e tradicións doutros países, aspectos sociolingüísticos e experiencias lingüísticas noutras linguas.